

**MATERIAIS DE TRABALLO SEMANA DO 23 AO 29 DE MARZO**

Bos días a todos e todas!

Espero que esteades levando ben o confinamento. Seguramente estrañades o voso grupo de compañeiros, compañeiras e amizades, tedes que pensar que esta situación é transitoria e pronto volveredes estar xuntos. Son tempos de estar nas redes sociais para estar conectados pero lembrade facer un uso responsable delas.

É importante que cumprades coa vosa parte académica facendo os exercicios propostos, recordade que me manteño conectada para resolver calquera dúbida no enderezo electrónico: [belitroques@gmail.com](mailto:belitroques@gmail.com)

Para facer máis livián este peche colaborade tamén nas tarefas do fogar e mantede a calma nas coversas e nos actos, todos estamos pasando unha situación de estrés que esperemos remate axiña.

E sobre todo, esta é a vosa hora! Tirade de imaxinación e creatividade para levar a cabo actividades que vos divirtan estes días!

Deséxovos moita afouteza no que resta de corentena!

- Enlaces aos dicionarios en rede:  
**DICIONARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA** <https://academia.gal/diccionario>  
**DICIONARIO DA XUNTA DE GALICIA** <https://digalego.xunta.gal/>
- Seguíde repasando a conxugación verbal a través dos xogos da web **O XIMNASIO DOS VERBOS** <https://lorientado.github.io/XimnasioDosVerbos/>, seguindo a ruta: menú, xogos, alternancia vocálica ou verbos irregulares.

## **ACTIVIDADES**

### **1. Acentúa.**

- Os meus avos viven fora de Galicia, pero ven sempre a TVG.
- Aprendin a facer un no mariñeiro no curso de vela.
- Se non te chamo e porque fun tomar un te.
- Alberte non nos avisou de que fora ao cine e nos estivemos esperando fora por el media hora.
- Eu podo as polas cando podo e cando quero.
- Ti con eses lentes ves ben, mais veras como son mellores estes novos cos vellos.
- A diferenza entre **ao** e **o** e so grafica, pero non de timbre; as dúas pronuncianse cu **o** aberto.
- Non ves que ven ferido; ven, axudao e mira que non teña roto o oso da perna.

**Le o seguinte texto e resolve as cuestións que se propoñen.**

### **HOTEIS CON ESTRELAS**

De cando en cando, sorprendémonos nas nosas viaxes con hoteis que teñen unha alta cualificación (4 ou 5 estrelas) e aos que, se estivésemos facultados para iso, lles poñeríamos só dúas ou ningunha. Tamén sucede á inversa: temos hoteis e hostais no noso país que merecen recibir mellor nota.

Decateime de que a concesión de estrelas a establecementos hoteleiros en España está baseada nos metros cadrados do cuarto, en se hai ou non caixa de seguridade, etc. Con todo, cumpríndose estes requisitos básicos na maioría deles, atopamos demasiados casos con necesidade urxente de reformas e, tamén, con deficientes servizos ao cliente. O almorzo está sempre no punto de mira e, lamentablemente, son moitos os hoteis que non mostran unha calidade e abundancia nos produtos, en consonancia coas estrelas que posúen. Por outra banda, deberíanse unificar os criterios nos países turísticos, para evitar comparacións odiosas e situacións desagradables cando viaxamos ao estranxeiro.

Se España quere continuar na elite mundial do turismo, necesita facer unha revisión profunda da súa oferta hoteleira. En especial, os hoteis de décadas pasadas, que adormeceron nas pallas, deben renovarse, do mesmo xeito que renovaron os prezos... Dese modo, todos saíramos gañando.

María José Viz Blanco, [www.elcorreogallego.es](http://www.elcorreogallego.es) (adaptación)

### **2. Identifica a tese que se defende no texto e as razóns que se ofrecen para apoiála.**

- Tese →
  
  
- Corpo argumentativo →

### **3. Que tipo de argumentos utiliza a autora do texto? Marca e xustifica a resposta.**

- De autoridade.
- Lóxicos.
- Baseados na realidade.
- Afectivos.

#### 4. Le o seguinte texto e resolve as cuestións que se propoñen.

No comercio cos labregos, o esperto senso crítico de Solovio *deprendeu* ben pronto a falsidade dunha afirmación na que el, por costume e preguiza, participara: a de ser o galego unha lingua vella, unha ruína, non doada para conter nin fecundar unha idea moderna, impropia para a Técnica e para a Filosofía, por exemplo. Pois des que Adrián falaba galego, sentía todo o seu ser renovado, non tiña que loitar contra a lingua demasiado feita e traballada que lle impuña unha retórica moitas veces enxoiadora do ceibe nacer do pensamento. Na mesma indecisión había unha garantía de mocidade. Tampouco vía a morte diaria do galego nos beizos dos paisanos que falaban castelán por influencia da cidade e de América.

R. Otero Pedrayo, *Arredor de si* (fragmento adaptado)

- Que prexuízo lingüístico se describe no texto? Segue vixente hoxe en día?
- Manifestábase algún cambio de actitude no protagonista con respecto á lingua?
- Que outros prexuízos lingüísticos se manteñen hoxe?

#### 5. Le o texto, busca no dicionario as palabras que descoñezas e responde.

##### O LOBO DA XENTE

Non se oía máis que arder a leña [...]. Principiaba a topenear o Ánxel cando lle pareceu que sentía así coma se andasen *rafiando* na porta... [...]

—Que me leve o demo se non anda aí —pensou o Ánxel.

E aínda que cheo de medo, ergueuse caladiñamente e apañou a machada... A cousa ía de veras: agora trequeneaban na porta, e con forza... Con forza que estralaban as táboas. O Ánxel meteuse atrás do lume... De súpeto, o arreguizo astral correulle dende as unllas dos pés ao coiro da testa, e todos os cabelos se lle puxeron de punta: na porta había unha fendedela, e por ela pasaba a pata dianteira dun lobo grandísimo. Unha pouta negra, grande, con unllas afiadas que relucían. O Ánxel non quixo ver máis. Caladiñamente, agatuñou pola parede e foise acochar riba da *caniceira*. Dende alí miraba para a porta morto de medo. Pola porta apareceu un fociño longo, con dentes brancos que en poucos instantes fixeron saltar as táboas e, polo burato, coouse no sequeiro o lobo da xente.

O Ánxel vira o lobo moitas veces [...]. Mais lobo coma aquel, tan negro, tan peludo, tan espantosamente grandísimo, con aqueles ollos sanguinolentos e relucentes, que escintilaban máis que o lume da lareira, con aqueles dentes brancos e afiados coma navallas, aquel fociño mouro, lixado de sangue fresco, aquelas poutas grandes coma as dun oso, coma aquel nunca, endexamais outro vira na vida. O Ánxel, acochado na *caniceira*, tremía coma unha vara verde, mais non rebuliu.

O lobo da xente foise chegando ao lume coma con receo. Andou cheirando o banco, a machada que o Ánxel deixara no chan, a navalla e o pan riba do banco, e logo ficou quedo un pedazo. O Ánxel sentíao alentar, coma un can cando vai canso. Despois, aquela si que foi: o lobo da xente principiou a rebulir, foi soltando a pelella, e apareceu de súpeto transformado nunha rapaza fermosa coma un caravel aberto. Non levaba máis que a camisa, e os cabelos escuros con reflexos dourados estaban despeiteados e soltos e chegábanlle moito máis abaixo do medio corpo.

Sentouse no banco, a rente do lume, e púxose a quentar. Debía vir atrecida, e o Ánxel, que lle non quitaba os ollos, viu que pola face, branca coma a dun defunto, lle escoaban regueiros de bágoas. Logo tapouna coas mans e estralou saloucando e chorando tan *amargurada*, que ao Ánxel se lle partía a alma.

Vicente Risco, *O lobo da xente* (fragmento adaptado)

**6. A que ser lendario da cultura popular galega nos remite ese personaxe?**

**7. V. Risco recrea neste relato unha lenda galega. Accede á páxina [www.galiciaencantada.com](http://www.galiciaencantada.com), procura a lenda en que se basea o conto e resume o seu contido.**

**8. Explica que tipo de acento levan as palabras do texto «pés» e «máis» e indica de que termos se diferencian por iso.**

**9. Indica cal é a función sintáctica de cada un dos seguintes sintagmas encabezados por preposición.**

- Na porta había unha fendedela.
- Caladiñamente, agatuñou pola parede.
- O lobo da xente foise achegando ao lume.

**10. Sinala en cada caso se o fragmento destacado funciona como atributo ou como complemento predicativo.**

- Dende alí miraba para a porta morto de medo.
- Os cabelos escuros con reflexos dourados estaban despeiteados e soltos.
- Debía vir aterecida.
- Sentíao alentar coma un can cando vai canso.